

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE OUTUBRO DE 2020

Ás 10:05 horas do día 26 de outubro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 21 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 5 e 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

3.- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS S.L., FEBEGA SPORTS, S.L. e GYMNSPORT GYMNOVA, S.L.) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:



	Licitador	Redución prezo	Aumento período garantía (anos)	Redución tempo resposta PPT (72horas) para o servizo de atención postventa durante garantía (horas)	Acreditación certificado Forest Stewardship Council (FSC) dos fabricantes (si/non)	Acreditación do certificado OEKO-TEX Standar 100 o Made in green OEKO-TEX dos fabricantes (si/non)
1	ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L.	51.425,00	1 ano	48h	si	si
2	FEBEGA SPORTS, S.L	51.425,00	1 ano	-	si	non
3	GYMNOSPORT GYMNOVA, S.L.	47.795,00	2 anos	48h	si	non

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. Á vista da documentación presentada a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L.
2. GYMNOSPORT GYMNOVA, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días a FEBEGA SPORTS, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar o anexo II ao PCAP debidamente cumprimentado, así como un novo DEUC onde aclare se concorre a esta licitación con solvencia de terceiros.

Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación do DEUC indícaselle que deberán responder á pregunta recollida na parte II. *C ¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?.*

En caso afirmativo, o licitador deberá achegar tamén o anexo III "DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO" ao PCAP e un DEUC do terceiro, tal e como esixe a cláusula 14.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:48	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A142-EDCF4F-BAD5CA-A5E648-26MDXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa "Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo" (19.710-333)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 20 de outubro de 2020 de valoración do sobre A "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa "Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo" (19.710-333)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% de desconto único a aplicar aos prezos unitario	Mayor experiencia do responsable de coordinación das tarefas de montaxe e desmonte dos equipamentos e infraestruturas sobre o mínimo exixido (2 anos)
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.	30%	12 anos
2	TEAM RELAY, S.L.	15%	12 anos

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. Javier Sánchez Álvarez, con DNI **.99.73*, en representación de TEAM RELAY, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (493-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 15 de outubro de 2020, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP coa UTE ACCIONA CONSTRUCCIONS, S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:48	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A142-EDCF4F-BAD5CA-A5E648-26MDXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 20 de outubro de 2020 a enxeñeira industrial municipal, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen que *"Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento da UTE ACCIONA CONSTRUCCIONES, S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

b) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 15 de outubro de 2020, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. (lote 2)
2. URBAN GLOBAL 2018 S.L. (lotes 1 e 2)

Durante o prazo concedido, só presentou documentación URBAN GLOBAL 2018 S.L. (lotes 1 e 2), da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 21 de outubro de 2020 a enxeñeira industrial municipal, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron sendos informes sobre as xustificacións presentadas por URBAN GLOBAL, 2018 S.L. para os lotes 1 e 2 no que conclúen que *"Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. (lote 2)
2. URBAN GLOBAL 2018, S.L. (lotes 1 e 2)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:48	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A142-EDCF4F-BAD5CA-A5E648-26MDXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (493-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 21 de outubro de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 21 de outubro de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (493-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE ACCIONA CONSTRUCCIONES, S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte ao informe asinado o 20 de outubro de 2020 pola enxeñeira industrial municipal, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (493-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	80,50
2	UTE ORECO, S.A.U. - ORTIZ CONSTRUCCIONES Y PROYECTO, S.A.	76,60



3	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	73,64
4	UTE FCC CONSTRUCCIÓN, S.A. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	23,80
5	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	22,99
6	FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A.	19,25

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA (A-32.015.844), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da non admisión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 2 de setembro de 2020, de OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. nos dous lotes deste procedemento, por ter emendado a documentación esixida para declarar o cumprimento dos requisitos previos fóra do prazo concedido.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial municipal, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 21 de outubro de 2020:

1. OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. (lote 2)
2. URBAN GLOBAL 2018 S.L. (lotes 1 e 2)

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:48	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A142-EDCF4F-BAD5CA-A5E648-26MDXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1: campo de fútbol da GUÍA

Orde	Empresas licitadoras	Puntuación total
1º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,99
2º	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	81,79
3º	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	61,05
4º	EMERGIS CONSTRUCCION S.L.	23,74
5º	MONDO IBÉRICA, S.A.U.	13,65

Lote nº 2: campo de fútbol de FRAGOSELO

Orde	Empresas licitadoras	Puntuación total
1º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	94,33
2º	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	86,88
3º	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	77,85
4º	EMERGIS CONSTRUCCION S.L.	19,12
5º	MONDO IBÉRICA, S.A.U.	13,65

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:48	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A142-EDCF4F-BAD5CA-A5E648-26MDXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		